

## CONCURSO DE RECEITAS

**N**esta edición, ao igual que nas anteriores, haberá dúas categorías: pratos doces e salgados.

Os pratos elaborados entregaranse rematados en “Casa Pepe” entre as **17:00 e 18:00 h.** do día **25 de agosto** do presente ano.

Poderán obter máis información sobre as bases do concurso e os premios chamando á:



**Casa do Concello da Capela: 981 459 006**  
(de 8:00 a 14:00 h. de luns a venres)

**Cooperativa Campo Capela: 981 459 028**

A continuación da entrega dos postres, a partir das 17:00 h. teremos unha demostración de cociña en directo de

**Manuel Gareca**

Reposteiro-Asesor gastronómico de Deleitar

## BASES DA XIII EDICIÓN

1. Tódolos pratos presentados terán como ingrediente principal “o Requeixo da Capela”
  2. Os pratos deberán presentarse en prato ou bandexa aptos para o efecto e nas condicións de hixiénicas apropiadas.
  3. Cada prato irá acompañado dos datos da persoa que o presenta (nome, apelidos, enderezo e teléfono) e o nome do prato (cunha relación de tódolos ingredientes empregados e o proceso de elaboración) dentro dun sobre en branco e pechado.
  4. A cada prato adxudicáraselle un número no mesmo intre da súa entrega, que se lle dará á persoa que o presenta e que será o mesmo que levará o sobre que o acompaña. O sobre pegarse no fondo do recipiente.
  5. Os participantes deberán ter como mínimo 15 anos, cumpridos á data de celebración do concurso.
  6. Os postres presentaranse o día 25 de agosto de 2017, entre as 17:00 e 18:00 h., no restaurante “Casa Pepe”.
  7. Os premios serán os seguintes:
    - 1º Premio de cada categoría: Vale Gadis 80€ + cesta con produtos locais + figura conmemorativa do Requeixo
    - 2º Premio de cada categoría: Vale Gadis 40€ + cesta con produtos locais + figura conmemorativa do Requeixo\*Tódolos participantes recibirán un agasallo
  8. Para participar deberá chamar previamente ao teléfono 981 459 006 de 8:00h. a 14:00h. de luns a venres.
- A Comisión Organizadora.